



VERTEBRAR A PAISAXE. **Basilisa Fiestras**




## VERTEBRAR A PAISAXE. **Basilisa Fiestras**


Ciclo expositivo *Activar a mirada. Des-ordenar o pensamento*

Idea e proxecto: Sara Donoso









## Vertebrar a paisaxe

O traballo de **Basilisa Fiestras** susténtase nunha poética íntima onde se cruzan a exploración e o autobiográfico introducindo o corpo, físico e emocional, como punto de arranque desde o que establecer a súa relación coa contorna. Ao longo da súa traxectoria, as súas preocupacións plásticas teñen cursado diferentes desvíos que non deixan de ser tamén bifurcacións, puntos onde o social, a indumentaria ou as cuestións espaciais e culturais se abrazan para ofrecer unha nova perspectiva do mundo que nos rodea.

Se ao longo dos anos a artista manexou nocións como o refuxio, o efémero ou os elementos que inflúen na transformación do corpo desde unha óptica capaz de dislocar os baremos establecidos, as creacións que vén desenvolvendo na súa última etapa achéganse á paisaxe como suxeito de reflexión. A calidez das súas pezas, compostas sempre dunha afinada ironía, establece entre elas un nexo tanto no plano estético coma nas lecturas posteriores derivadas da imaxe. Existe, así, un fío que atravesa o seu imaxinario visual achegando as súas obras cara á sutileza do poema-objecto, con ese poder magnético de dislocar o pensamento a partir do común. Algunhas veces será co emprego de materiais non convencionais, outras propón lúdicos xogos de escala, ou desvía o motivo do seu lugar de orixe para reivindicar outras identidades.

E é que ser artista é sinónimo de inquietude, de cuestionarse e sorprenderse, de utilizar as ferramentas que se sitúan ao noso alcance para enfrontalas ao reto de funcionar desde unha nova órbita. Isto é o que persegue Basilisa Fiestras con *Vertebrar a paisaxe*, un proxecto pensado especificamente para o espazo da Sala Alterarte no que se articulan obras de nova produción con pezas anteriores. Porque hai moita circularidade no seu traballo e as súas preocupacións mudan de estado sen chegar a desvincularse de todo. Como nesa camisa que porta no seu peto un breve fragmento

de terra, fuxida do seu lugar de orixe, pero onde a figura dunha tímida árbore deriva nunha visión entre o lirismo e a nostalgia (Fragmentos, 2019), a relación de obras responde a unha necesidade de compor en binomios a propia contradición que supón a vida. Para a artista, aproximarse á súa intimidade supón unha potente exposición ao recordo e á infancia, a unha memoria poboada de obxectos que supuxeron un punto de partida no seu desenvolvemento artístico posterior. Nesta mostra aparecen recreados pequenos fragmentos dunha natureza transformada polo territorio e inspirada nas súas propias vivencias para localizar en Quintelas de Millerada, a súa aldea materna, a orixe da maior parte das pezas.

Comentaba Nicolás Ortega Cantero que “Na paisaxe poden verse as formas que resultan das relacións naturais actuantes, incluíndo as relacións que concirnen ao home, pero a paisaxe permite tamén captar e comprender os valores estéticos e éticos desa orde, o seu sentido e os seus significados máis profundos, e os nexos espirituais que mantén cos homes”.<sup>1</sup> Nesta liña, poderíamos afirmar que para Basilisa Fiestras o medio natural é a raíz desde a cal estudar as súas relacións coa contorna para expolas ao público a modo de pulsión creadora. Así, na instalación 42.559110,-8.311001 (2022) replica no espazo expositivo unha selección de planos topográficos de Quintelas, extraídos do Sigpac, mostrando a grande escala a realidade das parcelacións. De lonxe estas planimetrías eríxense como a imaxe dun territorio dividido, pero unha contemplación pausada aproxímanos aos mecanismos de ensamblaxe da corda, que debuxa a súa composición a partir da unión entre os seus puntos, ás tensións que sosteñen o conxunto. Tamén a sombra revela aquí a súa presenza para redundar a súa intensidade. Proxectadas sobre a parede, as sombras ábreanse á concepción dun novo territorio onde se ofrezan outras subxectividades posibles.

A luz é outro dos focos de interese, claramente apreciable na serie *Espazos abertos* (2022), onde

<sup>1</sup> ORTEGA CANTERO, Nicolás: «Andar y ver. El lugar de la experiencia viajera en el paisajismo geográfico moderno». En López Silvestre, Federico (ed.): *Paseantes, viaxeiros e paisaxes*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, Centro Galego de Arte Contemporánea, 2007, P. 226.





volvemos percibir a perspicaz estratexia coa que a artista non deixa de lanzarnos preguntas: por que se iluminan esas breves figuras de céspede?, xeran rexeitamento ou atracción? A amarela calidez do sistema de iluminación escollido habilita a idea dun lugar amable, o escintileo tingué a parede e reflicte as súas sombras conformando unha sorte de universo onírico que non deixa de ser ao tempo un espazo deserto e alterado. Como un xardín crebado que segue emitindo atracción. A luz é fonte de enerxía e ten a facultade de modificar, ou embelecer, o corpo ao que toca. Permite ver e proporciona axilo, é un respiro ante a escuridade. Nesta ocasión é a artista quen decide reforzar o carácter fraccionado da terra, aínda que ao illala contribúe a realzar o seu valor, coma unha paisaxe artificializada na que a luz intervén como sutura da cicatriz.

As paisaxes non só se soportan no espazo do plano e da representación, senón tamén no encontro físico dos seus elementos: as pedras, a vexetación, a terra. Algunhas veces prodúcese unha correlación coa contorna natural que ten que ver cos modos nos que as persoas operamos sobre un determinado lugar. Por iso na serie *do mínimo* (2022) unha pedra deixa de ser un material inerte para portar entre as súas vetas a historia particular da persoa que a acolle. As pedras compoñen muros e delimitan, son unha base e alicerce de construción, e mesmo serven como obxecto de xogo improvisado. Representadas agora sobre diferentes soportes e perspectivas, estas pedras que Basilisa Fiestras foi atesourando ao longo do tempo actúan como engrenaxe dunha especie de tríade composta polos principais conceptos que

orquestran este proxecto: a parcelación da paisaxe, a luz como emisora de novas realidades e o obxecto como símbolo identitario.

Pedras, fragmentos de céspede, cordas e luz. Aquí cítanse o natural e a súa representación aludindo á paisaxe dun modo afastado do idílico. Unha paisaxe supeditada á mediación humana, que algunhas veces se pensa como acubillo e outras como lugar de tránsito e que se reflexiona nesta ocasión desde a cuestión dos lindes, a infancia, o traballo e o arraigamento á terra.

**Sara Donoso**  
Curadora







## Vertebrar el paisaje

El trabajo de **Basilisa Fiestras** se sustenta en una poética íntima donde se cruzan la exploración y lo autobiográfico introduciendo el cuerpo, físico y emocional, como punto de arranque desde el que establecer su relación con el entorno. A lo largo de su trayectoria, sus preocupaciones plásticas han cursado diferentes desvíos que no dejan de ser también bifurcaciones, puntos en donde lo social, la indumentaria o las cuestiones espaciales y culturales se abrazan para ofrecer una nueva perspectiva del mundo que nos rodea.

Si a lo largo de los años la artista ha manejado nociones como el refugio, lo efímero o los elementos que influyen en la transformación del cuerpo desde una óptica capaz de dislocar los baremos establecidos, las creaciones que viene desarrollando en su última etapa se acercan al paisaje como sujeto de reflexión. La calidez de sus piezas, compuestas siempre de una afinada ironía, establece entre ellas un nexo tanto en el plano estético como en las lecturas posteriores derivadas de la imagen. Existe, así, un hilo que atraviesa su imaginario visual acercando sus obras hacia la sutileza del poema-objeto, con ese poder magnético de dislocar el pensamiento a partir de lo común. Algunas veces será con el empleo de materiales no convencionales, otras propone lúdicos juegos de escala, o desvía el motivo de su lugar de origen para reivindicar otras identidades.

Y es que ser artista es sinónimo de inquietud, de cuestionarse y sorprenderse, de utilizar las herramientas que se sitúan a nuestro alcance para enfrentarlas al reto de funcionar desde una nueva órbita. Esto es lo que persigue Basilisa Fiestras con **Vertebrar el paisaje**, un proyecto pensado específicamente para el espacio de la Sala Alterarte en el que se articulan obras de nueva producción con piezas anteriores. Porque hay mucha circularidad en su trabajo y sus preocupaciones mudan de estado sin llegar a desvincularse del

todo. Como en esa camisa que porta en su bolsillo un breve fragmento de tierra, huida de su lugar de origen, pero donde la figura de un tímido árbol deriva en una visión entre el lirismo y la nostalgia (*Fragmentos*, 2019), la relación de obras responde a una necesidad de componer en binomios la propia contradicción que supone la vida. Para la artista, aproximarse a su intimidad supone una potente exposición al recuerdo y la infancia, a una memoria poblada de objetos que supusieron un punto de partida en su desarrollo artístico posterior. En esta muestra aparecen recreados pequeños fragmentos de una naturaleza transformada por el territorio e inspirada en sus propias vivencias para localizar en Quintelas de Millerada, su aldea materna, el origen de la mayor parte de las piezas.

Comentaba Nicolás Ortega Cantero que “En el paisaje pueden verse las formas que resultan de las relaciones naturales actuantes, incluyendo las relaciones que conciernen al hombre, pero el paisaje permite también captar y comprender los valores estéticos y éticos de ese orden, su sentido y sus significados más profundos, y los nexos espirituales que mantiene con los hombres”<sup>1</sup>. En esta línea, podríamos afirmar que para Basilisa Fiestras el medio natural es la raíz desde la cual estudiar sus relaciones con el entorno para exponerlas al público a modo de pulsión creadora. Así, en la instalación 42.559110, -8.311001 (2022) replica en el espacio expositivo una selección de planos topográficos de Quintelas, extraídos del Sigpac, mostrando a gran escala la realidad de las parcelaciones. Desde lejos estas planimetrías se erigen como la imagen de un territorio dividido, pero una contemplación pausada nos aproxima a los mecanismos de ensamblaje de la cuerda, que dibuja su composición en base a la unión entre sus puntos, a las tensiones que sostienen el conjunto. También la sombra revela aquí su presencia para redundar su intensidad. Proyectadas sobre la pared, las sombras se abren a la concepción de un nuevo territorio donde se ofrezcan otras subjetividades posibles.

<sup>1</sup> ORTEGA CANTERO, Nicolás: «Andar y ver. El lugar de la experiencia viajera en el paisajismo geográfico moderno». En LÓPEZ SILVESTRE, Federico (Ed.): (Ed.): *Paseantes, viaxeiros e paisaxes*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, Centro Galego de Arte Contemporánea, 2007. P. 226.

La luz es otro de los focos de interés, claramente apreciable en la serie *Espacios abiertos* (2022), donde volvemos a percibir la perspicaz estrategia con la que la artista no deja de lanzarnos preguntas: ¿por qué se iluminan esas breves figuras de césped?, ¿generan rechazo o atracción? La amarilla calidez del sistema de iluminación escogido habilita la idea de un lugar amable, el destello tiñe la pared y refleja sus sombras conformando una suerte de universo onírico que no deja de ser al tiempo un espacio desierto y alterado. Como un jardín quebrado que sigue emitiendo atracción. La luz es fuente de energía y tiene la facultad de modificar, o embellecer, los cuerpos a los que toca. Permite ver y proporciona axilo, es un respiro ante la oscuridad. En esta ocasión es la artista quien decide reforzar el carácter fraccionado de la tierra, aunque al aislarla contribuye a realzar su valor, como un paisaje artificializado en el que la luz interviene como sutura de la cicatriz.

Los paisajes no solo se soportan en el espacio del plano y la representación, sino también en el encuentro físico de sus elementos: las piedras, la vegetación, la tierra. Algunas veces se produce una correlación con el entorno natural que tiene que ver con los modos en los que las personas operamos sobre un determinado lugar. Por eso en la serie *de lo mínimo* (2022) una piedra deja de ser un material inerte para portar entre sus vetas la historia particular de la persona que la acoge. Las piedras componen muros y delimitan, son una base y pilar de construcción e incluso sirven como objeto de juego improvisado.

Representadas ahora sobre diferentes soportes y perspectivas, estas piedras que Basilisa Fiestras ha ido atesorando a lo largo del tiempo actúan como engranaje de una especie de tríada compuesta por los principales conceptos que orquestan este proyecto: la parcelación del paisaje, la luz como emisora de nuevas realidades y el objeto como símbolo identitario.

Piedras, fragmentos de césped, cuerdas y luz. Aquí se citan lo natural y su representación aludiendo al paisaje de un modo lejano a lo idílico. Un paisaje supeditado a la mediación humana, que algunas veces se piensa como cobijo y otras como lugar de tránsito y que se reflexiona en esta ocasión desde la cuestión de las lindes, la infancia, el trabajo y el arraigo a la tierra.

**Sara Donoso**  
Curadora


















## Biografía

**Basilisa Fiestras** é profesora Asociada de Escultura na Universidade de Vigo. Doutora en Belas Artes con Premio Extraordinario e Mención Internacional pola Universidade de Vigo en 2016, ampliou a súa formación académica co Máster de Arte, Museoloxía e Crítica Contemporánea realizado en 2010, na Universidade de Santiago de Compostela.

No 2012 obtivo a bolsa predoutoral, da Xunta de Galicia, coa que realizou a súa tese doutoral titulada (DES) *VESTIRSE-VESTIRSE-(RE)VESTIRSE. La indumentaria en la creación artística actual*. A vestimenta, o corpo e a relación entre ambos son os eixos sobre os que se forman as súas ideas, reflectidos en diversas exposicións individuais como *Cuerpo y territorio* (Museo de Arte Contemporáneo, MAC Florencio de la Fuente, Cuenca, 2018); *Desanudar* (Galería Portal 48, Pontevedra, 2015); *Enredos y Desenredos* (Galería Sargadelos de Ferrol, 2013) y (*Uni*) *formes* (Centro Cultural de Móstoles, Madrid, 2013).

A súa obra formou parte de numerosas exposicións individuais e colectivas en centros como o CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea, a Fundación RAC de Pontevedra ou o museo MARCO de Vigo, e estivo presente en feiras como a Feria de Arte Modern & contemporary Art Show de Marbella ou JUSTMAD de Madrid.

**Basilisa Fiestras** es profesora Asociada de Escultura en la Universidad de Vigo. Doctora en Bellas Artes con Premio Extraordinario y Mención Internacional por la Universidad de Vigo en 2016, amplió su formación académica con el Máster de Arte, Museología y Crítica Contemporánea realizado en 2010 en la Universidad de Santiago de Compostela.

En 2012 obtuvo la beca predoctoral de la Xunta de Galicia, con la cual realizó su tesis doctoral titulada (DES) *VESTIRSE-VESTIRSE-(RE)VESTIRSE. La indumentaria en la creación artística actual*. La vestimenta, el cuerpo y la relación entre ambos son los ejes sobre los que se forman sus ideas, reflejados en diversas exposiciones individuales como *Cuerpo y territorio* (Museo de Arte Contemporáneo, MAC Florencio de la Fuente, Cuenca, 2018); *Desanudar* (Galería Portal 48, Pontevedra, 2015); *Enredos y Desenredos* (Galería Sargadelos de Ferrol, 2013) y (*Uni*) *formes* (Centro Cultural de Móstoles, Madrid, 2013).

Su obra ha formado parte de numerosas exposiciones individuales y colectivas en centros como el CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea, la Fundación RAC de Pontevedra o el museo MARCO de Vigo, y ha estado presente en ferias como la Feria de Arte Moderno y Contemporáneo de Marbella o JUSTMAD de Madrid.

Ciclo expositivo

# activar a mirada, des◆ordenar ■ pensament◆

## ORGANIZA

Vicerreitoría do  
Campus de Ourense-Campus Auga

Universidade de Vigo

## PATROCINA



DEPUTACIÓN  
OURENSE

Universidade de Vigo

## Vicerreitora do Campus de Ourense

Elena Rivo López

## Xestor de actividades Culturais

Filemón Rivas Conde

## Idea e proxecto

Activar a mirada. Des-ordenar o pensamento  
Sara Donoso

## EXPOSICIÓN

Sala Alterarte  
do 14 de setembro ao 9 de novembro de 2022

## Curadora

Sara Donoso

## Coordinación

Filemón Rivas Conde

## Montaxe

Pedro Dorrego

## CATÁLOGO

## Edita

Universidade de Vigo

## Coordinación e texto

Sara Donoso

## Dirección editorial e deseño

disigna edenia SL

[www.edenia.org](http://www.edenia.org)

para Difusora de Letras, Artes e Ideas

[www.difusora.org](http://www.difusora.org)

© Das fotografías de sala e de obra non fotográfica  
Xosé Lois Vázquez e Alba Vázquez Carpentier

1ª edición, 300 exemplares, xullo de 2023

ISBN: 978-84-8158-993-1

Dep. Legal: VG 724-2023

Vicerreitoría do  
Campus de Ourense-Campus Auga

---

Universida de Vigo

